<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As noticias falsas. Valoración da forma e do contido do texto. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definición - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas, a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	Diversidad lingüística	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumno deberá identificar os trazos dos dialectos do español en diferentes manifestacións artísticas.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado prestará especial atención á adecuación (rexistro), o respecto polas convencións dos textos argumentativos, a ortografía, a presentación e a elección correcta do léxico.		
CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.	PE	56
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de compartir coa clase a análise de textos literarios, empregando guías de lectura e expresando axeitadamente as súas claves interpretativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será capaz de establecer vínculos entre os textos procedentes distintos movementos, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexións entre os niveis morfolóxico, sintáctico e semántico mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.		
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística na contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre as linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	O alumno deberá valorar a diversidade lingüística e ser respetuoso coas diferentes linguas e dialectos., puidendo explicar fenómenos de contacto entre linguas.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumno evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar os elementos que resulten discriminatorios.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado ten que participar e interaccionar con actitudes de respecto e tolerancia.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes das que obtén a información.	TI	44
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumno debe ser capaz de redactar con coherencia e cohesión textos escritos e multimodais de certa extensión.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	En diversos textos, o alumnado deberá amosar preferencia polas construcións nominais, oracións breves, abundantes datos obxectivos e conectores explicativos.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	O alumnado revisará en todos os niveis (gráfico, fónico, morfosintáctico e léxico) o anuncio publicitario para lograr unha mensaxe máis impactante, mantendo en todo momento sólidos criterios éticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado será quen de ler de maneira autónoma textos procedentes da literatura contemporánea e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado será capaz de compartir coa clase a análise de textos literarios, empregando guías de lectura e expresando axeitadamente as súas claves interpretativas.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato dixital (REA).		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e aos rexistros. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e da súa expresión nas leis e declaracións institucionais. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definición
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese.
 - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
 - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas, a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
 - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
 - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
 - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
 - Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos.
 - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
 - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
 - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A proposta didáctica deste Departamento baséase no concepto de que a profesora pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo. Para iso intentamos:

1. Favorecer a aprendizaxe significativa, que supón un proceso de interactividade profesora-alumno e alumno-alumno, a través da motivación positiva do alumnado ante os conceptos que debe aprender mediante:

- A presentación da utilidade dos coñecementos que debe aprender para afrontar situacións comunicativas diversas.
- O tratamento dos contidos intentando relacionalos coa súa experiencia vital.
- Presenza do lúdico e creativo.
- Emprego de gráficos e imaxes que amenizan e aclaran conceptos.
- A elección de textos de acordo cos seus intereses e desenvolvemento psicolóxico.
- A activación das ideas previas mediante a avaliación inicial e a organización cíclica dos contidos.

2. Conseguir que os alumnos sexan os verdadeiros protagonistas do seu proceso de aprendizaxe, mediante o emprego dunha metodoloxía que potencie o razoamento inductivo e que aúne o traballo individual e en grupo, intentará:

- Que aprendan a aprender, que manteñan unha actitude activa ante a propia aprendizaxe e que adquiran métodos de análise científica.
- Que desenvolvan uns criterios propios e unha actitude ética e cívica de acordo cos valores dunha sociedade democrática, libre e tolerante.

A planificación da labor educativa non se limita só a facerlle chegar ao alumno unha serie de coñecementos lingüísticos e literarios, senón a dotarlle duns recursos persoais e intelectuais e duns valores que lle faciliten a súa socialización. En consecuencia, o obxectivo último desta materia é o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumno, é dicir, a adquisición de cantos coñecementos e procedementos lle sexan necesarios para comunicarse satisfactoriamente en diferentes ámbitos e contextos sociais, sen esquecer, loxicamente, unha educación literaria que lle permita ler e gozar cos textos literarios máis significativos do noso ámbito cultural. Ademais, e en función das aprendizaxes adquiridas previamente, o alumno debe progresar convenientemente na comprensión e na creación de textos orais e escritos con adecuación á situación comunicativa e ao xénero discursivo, así como no emprego variado e rigoroso do sistema lingüístico, o que enriquecerá a súa linguaxe oral e escrita. A estes fins cabe engadir que o alumno coñeza as relacións existentes entre a lingua e a sociedade, de maneira que poida apreciar a existencia de diferentes variedades lingüísticas e valorar a realidade plurilingüe de España como fonte de riqueza cultural. Finalmente é necesario subliñar a importancia da lectura comprensiva, fundamental para actualizar e ampliar os coñecementos.

Dado que a sociedade actual require do noso alumnado a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información, o seu tratamento forma parte dos nosos obxectivos. Por iso, na nosa metodoloxía integramos o manexo de diversas fontes e soportes, utilizando tanto medios audiovisuais como informáticos, enfrontando ao alumno coa tarefa de procura, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da súa capacidade crítica. Para iso contamos cos recursos da Biblioteca Escolar e das aulas de informática.

En todas as unidades didácticas recóllese algunha actividade de uso das Tics. Ademais os alumnos deben realizar traballos onde se potencia o manexo das distintas fontes da información. En todos os niveis fórmase ao alumnado nas estratexias de procura e transmisión da información utilizando todo tipo de soportes, para conseguir a súa autonomía persoal mediante o emprego crítico da información.

Parte importante da metodoloxía a constitúen todas as accións previstas para o fomento da lectura. O currículo inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos, de modo que pode abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión) e que constitúe un dos contidos básicos desta materia. Os obxectivos xerais recollidos no Proxecto Lector do noso centro, tamén están na nosa programación, por exemplo: potenciar a comprensión lectora como base de todo aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico; integrar as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario; traballar a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral; implicar na lectura ao alumnado, buscando fórmulas atractivas e motivadoras; facer que o alumnado entenda a importancia que ten para a súa aprendizaxe o feito de comprender ben o que le e afacelo a empregar o dicionario.

Como a formación da lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado, na materia de lingua castelá e literatura traballamos con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, en soporte impreso ou electrónico. Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector temos en conta, non só os índices de

lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser capaces de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como á súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe e fonte de pracer.

A través da aula virtual na plataforma moodle e contando con o correo electrónico para manter unha comunicación fluída cos nosos alumnos, realizaranse actividades de diferente tipo:

- Exercicios interactivos auto correxibles que lles sirvan de repaso ós contidos xa traballados. Comprobaremos que os fan a través do informe de actividade.
- Fichas de repaso dos mesmos contidos. Unhas veces serán corrixidas; outras, enviaremos as solucións para facelos responsables do seu propio aprendizaxe.
- Actividades do libro de texto sobre contidos que deben repasar o, en algún caso, ampliar.
- Enlaces a vídeos ou páxinas web que lles axuden a contestar cuestionarios sobre contidos de gramática ou de literatura.
- Presentaranse diversas propostas que axuden a practicar a distinta tipoloxía textual.

Estes temas na aula virtual recollen: una proposta sobre o tipo de texto, un esquema coas partes do traballo, una rúbrica cos criterios de corrección e unha tarefa para que poidan enviar o seu traballo para a corrección.

- Obra de lectura obrigatoria: en todos os niveis, teñen que ler una obra que será avaliada por medio dun traballo escrito que responde a unha guía de lectura.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de consulta: libro de texto da Editorial Anaya
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes: ofertados a través da Aula Virtual.
Ordenador persoal do alumno das aulas Abalar.
Selección de obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais aproveitando os recursos do libro de texto.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia ofertados na Aula Virtual.
Materiais de investigación e consulta.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O caderno será o principal material de traballo, polo que será obrigatorio traelo sempre e ter o traballo ao día.

Cada trimestre será obrigatoria a lectura dunha obra de literatura clásica do periodo histórico estudado, da cal farase un traballo ou unha proba escrita.

Utilizaranse os recursos da Biblioteca do centro á hora de escoller lecturas ou na búsqueda de información para a creación de traballos de investigación.

No desenrolo da clase a profesor utilizará a pizarra dixital na que terá sempre aberta a versión dixital do libro de texto para facilitar ao alumnado o seguimento das explicacións do profesor e das tarefas que deben levar a cabo na aula.

O emprego das TIC será a ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Como medida inicial, realizaremos unha avaliación de diagnóstico que nos axude sobre todo a valorar o nivel de comprensión oral e escrita e que nos permita detectar nos primeiros días do curso os alumnos con dificultades de aprendizaxe na nosa materia. Esta avaliación tamén nos permitirá detectar alumnos con altas capacidades, aos que se lles ofrecerá actividades de ampliación que favorezan a súa motivación ante a materia e o axuden no seu proceso de aprendizaxe.

Unha vez obtidos os resultados desta avaliación, decidirase os alumnos que precisen de apoio na aula cunha atención máis personalizada.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	10	10	15	10	10	10	100
Proba escrita	37	32	45	45	50	61	54	60	56	49
Táboa de indicadores	63	68	55	55	50	39	46	40	44	51

Criterios de cualificación:

Usaranse distintos instrumentos que nos permitan cualificar ao alumnado e cada un terá un peso determinado:

- Traballo diario: 10%
- Exames: 70%
- Tarefa(s) por avaliación 10%
- Obra de lectura: 10%

TRABALLO DIARIO:

Valorarase:

- 0,5 polo traballo realizado na casa (traer feitos os exercicios que se piden; facer as revisións e as corrección oportunas dos mesmos cando se corríxen na clase)
- 0,5 polo traballo realizado na aula (seguimento das explicacións, participación, preguntar dúbidas, saír voluntario/a nas clases).

EXAMES:

En cada avaliación faranse dous exames nos que entrarán a materia explicada ata ese momento. Poderase descontar ata 1 punto por erros de ortografía reiterados e/ou redacción (0,1 por cada dúas faltas nas grafías; 0,1 por cada dous erros nos signos de puntuación; 0,1 por cada dous fallos de redacción; 0,1 por cada dúas faltas na acentuación das palabras).

TAREFAS:

En cada trimestre realizarase unha ou dúas pequenas tarefas, que se terán en conta ao final de curso para valorar a adquisición das competencia clave. O traballo realizarase de forma individual ou en parellas e consistirá

fundamentalmente na elaboración de textos de tipoloxías variadas (tanto orais coma escritos) utilizando as Tics.

OBRAS DE LECTURA:

Terán que facer unha lectura obrigatoria por avaliación. Sobre cada unha deberán realizar un control de lectura, guía de lectura ou reseña.

A NOTA DE CADA UNHA DAS AVALIACIÓNS será a suma da nota media dos exames, das tarefa(s), do traballo diario dentro e fóra da aula e da lectura obrigatoria. Aprobarán aqueles alumnos/as que acaden unha nota \geq 5.

A NOTA FINAL da materia será a media entre as tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

Despois de cada avaliación, realizarase unha recuperación dos contidos non adquiridos. Só se poderá recuperar un 70 % da nota no examen de contidos e un 10% das lecturas obrigatorias mediante un traballo ou unha proba escrita. O traballo diario e os traballos de creación non se avalían con exames.

Para obter a cualificación positiva na avaliación final farase a media aritmética das notas obtidas nas tres avaliacións para o que é necesario superar cada unha delas ou ben que a media entre as tres avaliacións sexa igual ou superior a 5, sempre que a evolución do alumno ao longo do curso sexa positiva, tendo presente o principio de avaliación continua.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, o alumno poderá recuperala mediante a realización dun exame final en xuño. O alumnado, na 3ª avaliación, terá que demostrar o coñecemento de polo menos dúas das lecturas obrigatorias do curso. De non facelo tamén deberá ser examinado delas na proba final.

As ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO que propoñeremos ao longo do curso serán as seguintes: Repetición dos traballos propostos que estean deficientemente realizados, introducindo as correccións oportunas coa orientación do profesor, mediante o emprego de rúbricas. Tarefas de reforzo daqueles aspectos que se consideren necesarios: exercicios de vocabulario, ortografía, comentario de textos, etc. Tarefas que favorezan o cambio de actitude na realización dos traballos en grupo. Repetición de exames de adquisición de conceptos.

ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES

As profesoras que imparten clase no grupo no que haxa alumnado coa materia de Lingua Castelá de cursos anteriores pendente de aprobar se encargaran de programar unhas actividades de reforzo e recuperación que lles axuden a alcanzar os mínimos esixidos, que se recollen na programación de cada curso. Estas actividades están organizadas en unidades que se lles van proporcionando aos alumnos que deben entregalas para a súa corrección. Ademais, se lles realizará un exame por trimestre que lles obrigue a levar esa materia ao día.

A principio de cada trimestre, se lles entrega un documento onde se especifica a materia, os exercicios e traballos de repaso que deben realizar, as datas para entregalos e a data do exame.

A profesora responsable encargarse de facer un seguimento e avaliación dos progresos dos alumnos para determinar en qué momento poden considerarse alcanzados os obxectivos da materia. Ademais terase en conta o traballo que estean realizando no nivel no que o alumno está matriculado, así como o interese e esforzo que mostren por mellorar nas habilidades lingüísticas.

En cada avaliación darase conta aos titores e aos pais do progreso do alumno na materia pendente. Aqueles alumnos que non aproben mediante este proceso de avaliación continua someteranse no mes de maio a un exame, tal como establece a actual normativa, e, se o suspenden de novo, deberán presentarse á proba final de xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

Todas as programacións elaboradas por este Departamento son permeables aos cambios que as profesoras introducen habitualmente na práctica co obxectivo de atender a todos os alumnos. A clasificación, xerarquización e ordenación das actividades (tanto si son do libro de texto como si as elaborou a profesora) están pensadas de xeito tal que facilitan as seguintes estratexias de atención á diversidade:

- Distinguir claramente contidos prioritarios e contidos complementarios ou de ampliación.
- Propoñer actividades diferenciadas (de repaso, reforzo e ampliación dos contidos) en función da distinción

establecida nos contidos.

- Secuenciar as actividades de comprobación e consolidación para que presenten unha dificultade progresiva e unha gran variedade de estratexias e destrezas.
- Utilizar metodoloxías diversas.
- Empregar materiais variados.
- Favorecer agrupamentos de clase que possibiliten a interacción.

A atención á diversidade supón recoñecer diferentes motivacións, capacidades, intereses e estilos de aprendizaxe, por iso, ao iniciar unha unidade didáctica introdúcense unhas actividades iniciais (orais na maioría dos casos) que permiten ao alumno un primeiro contacto co tema; a través delas, a profesora detectará a situación dos alumnos e poderá introducir as modificacións que considere oportunas; así a profesora poderá adaptar os contidos de acordo coas necesidades do grupo.

Tanto as unidades didácticas do libro de texto como o material facilitado pola profesora directamente ou na aula virtual inclúen:

- Tarefas interactivas que permiten interrelacionar contidos conceptuais.
- Tarefas de ensino-aprendizaxe e investigación que permiten ampliar ou reforzar.
- Tarefas de apoio con diferentes grados de dificultade.
- Tarefas comentadas que inclúen temas transversais.

Finalmente, a selección e utilización de materiais variados, usados con racionalidade e no momento adecuado, facilitan a atención á diversidade. No caso de Lingua castelá e Literatura, o libro de texto e o material elaborado polas profesoras se complementa con obras literarias completas, antoloxías, películas achega das obras e autores estudados, obras de consulta, prensa habitual, gravacións...

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación en valores	X							
ET.3 - Respeto, convivencia e cooperación entre iguais		X		X		X		X
ET.4 - Educación e respecto medioambiental		X		X		X		X
ET.5 - Educación científica e tecnolóxica	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación cívica e social	X							

	UD 9
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X
ET.2 - Educación en valores	X
ET.3 - Respeto, convivencia e cooperación entre iguais	
ET.4 - Educación e respecto medioambiental	

	UD 9
ET.5 - Educación científica e tecnolóxica	X
ET.6 - Educación cívica e social	X

Observacións:

O artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos,, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia contribuirá tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
CLUB DE LECTURA "PANTASMAS DE PAPEL"	Colaboración na continuidade do club de lectura "Pantasma de papel". Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.	X	X	X
HORA DE LER	Participación na "Hora de ler" que consiste en 20 minutos diarios de lectura silenciosa en todos os niveis da ESO e en todos os tramos horarios.	X	X	X
VISITAS DE AUTORES Y AUTORAS	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.	X	X	X
CELEBRACIÓN DE EFEMÉRIDES COMO "O DÍA DO LIBRO" O " A SEMANA DA PRENSA"	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.			X
ASISTENCIA A REPRESENTACIÓN TEATRAL	Asistencia a algunha representación teatral que poida ser de interese para o alumnado de acordo co período literario que esteamos a traballar.	X	X	X
RUTAS LITERARIAS	Saídas para a realización de Rutas literarias en colaboración con outros Departamentos.	X	X	X
CONCURSOS LITERARIOS	Participación en concursos literarios promovidos por diversas institucións.	X	X	X
COLABORACIÓN COAS ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA	Colaboración coas actividades organizadas pola Biblioteca do Centro relacionadas co fomento da lectura e o desenvolvemento do Plan lector	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
XORNADAS LITERARIAS DO CONCELLO DE NEDA	Como en anos anteriores, algúns alumnos colaborarán coa Biblioteca Municipal de Neda nas Xornadas Literarias que se celebrarán en abril, presentando pequenos relatorios.			X

Observacións:

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura adoptará as liñas de actuación do Plan anual de lectura que se establecerán na primeira CCP no mes de outubro e continuará coas xa iniciadas en anos anteriores.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Metodoloxía empregada
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.

Medidas de atención á diversidade
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Clima de traballo na aula
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, traballos de investigación...)

Descrición:

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura co fin de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento das programacións didácticas, realiza unha reunión semanal onde, ademais de abordar as cuestións puntuais que vaian xurdindo (información e preparación de CCP, adquisición de material, organización de actividades propias ou en colaboración coa Biblioteca), todos os membros comentan e toman decisións sobre os problemas que van xurdindo na posta en práctica das distintas programacións de aula, así como o seguimento a pendentes e alumnos con necesidades educativas especiais.

Estas decisións son recollidas nas actas das reunións e os acordos, ademais de ir afectando á marcha do curso, reflectiranse na memoria final do departamento para ser tidos en conta na programación didáctica do curso seguinte. Ademais, tamén analizamos os resultados de cada avaliación para tomar medidas que poidan suplir posibles carencias ou problemas que xurdan en cada grupo.

Polo tanto, cando iniciamos un novo curso, non só incluímos as novidades que a Lei de Educación vai levando a cabo, senón que revisamos toda a programación para recoller eses cambios e melloras que a nosa práctica docente nos indicou e que temos recollidos primeiro, nas actas e, finalmente, na memoria.

Ademais de todas estas medidas, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo, ao final de cada trimestre, levamos a cabo a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, de acordo cos indicadores de logro mencionados, para así poder recoller melloras na seguinte avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura co fin de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas, realiza unha reunión semanal onde, ademais de abordar as cuestións puntuais que vaian xurdindo (información e preparación de CCP, adquisición de material, organización de actividades propias ou en colaboración coa Biblioteca), todos os membros comentan e toman decisións sobre os problemas que van xurdindo na posta en práctica das distintas programacións de aula, así como o seguimento a pendentes e alumnos con necesidades educativas especiais.

Estas decisións son recollidas nas actas das reunións e os acordos, ademais de ir afectando á marcha do curso, reflectiranse na memoria final do departamento para ser tidos en conta na programación didáctica do curso seguinte. Ademais, tamén analizamos os resultados de cada avaliación para tomar medidas que poidan suplir posibles carencias ou problemas que xurdan en cada grupo.

Polo tanto, cando iniciamos un novo curso, non só incluimos as novidades que a Lei de Educación vai levando a cabo, senón que revisamos toda a programación para recoller eses cambios e melloras que a nosa práctica docente nos indicou e que temos recollidos primeiro, nas actas e, finalmente, na memoria.

Ademais de todas estas medidas, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta se pode realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller melloras no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

9. Outros apartados